

OBSERVANDO AVES POLO LAGARES

senda ornitolóxica
desde o rural ao mar



O HUMIDAL DE MUÍÑOS

A lagoa de Muíños é unha pequena zona húmida e un bo exemplo do valor destes ecosistemas. As súas funcións no control de riadas e a depuración natural das augas son moi valiosas, e tamén a súa relevancia como auténticas reservas de biodiversidade. En relación á superficie que ocupan no mundo, a concentración de especies de fauna e flora que dependen dos humidais é enorme. A pesar diso, historicamente, as zonas húmidas como esta teñen sufrido todo tipo de agresións, cando non a desaparición completa por aterros e urbanizacións. Hoxe en día recoñécese a riqueza e importancia destes lugares, e a necesidade da súa conservación. A pesar do seu pequeno tamaño, varias parellas de lavancos e galiñolas nidifican regularmente na lagoa. Xunto a eles, a riqueza de pequenos paxaros que atopan alimento nas súas beiras é elevada, especialmente nas épocas de migración. Ademais, o humidal é un importante punto de reprodución de anfibios, como ras e tritóns.



Papuxa das amoras

Sylvia atricapilla
Curruca capiroxada



Cando? Todo o ano. Nidificante.
Papuxa de tons grises e carapucha negra (os machos) ou castaña (as femias).

Ra verde

Pelophyax perezi
Rana verde



Cando? A maioría hibernan entre novembro e marzo.
Ruidosa e abundante en moitos tipos de charcas e humidais.



Picafollas ibérico

Phylloscopus ibericus
Mosquitero ibérico

Cando? De marzo a setembro.
Nidificante.
Pequeno e de cores verdosas, en primavera faise notar co seu repetitivo canto.



Salgueiro

Salix atrocinerea
Sauce

Cando? Con follas só entre abril e novembro.
As flores dos salgueiros aparecen a finais do inverno, coa árbore aínda sen follas.

Ferreiriño real

Parus major
Carbonero común

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Cores vistosas (amarela, azul, negra) e un rechamante canto: "chi-chi-pán".



Galiñola

Gallinula chloropus
Gallineta común

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Inconfundible, parece unha pequena galiña negra de peteiro vermello e patas verdes.



Tritón marmorado

Triturus marmoratus
Tritón jaspeado

Cando? En fase acuática de novembro a maio.
O maior dos nosos tritóns, os machos en celo teñen espectaculares cristas.

LEMBRE!

está vostede nunha senda natural, por favor, sexa respectuoso/a co medio e cos demais usuarios.



Non tire lixo



Respecte a plantas e animais



Evite a contaminación acústica



Non leve animais soltos

ALCALDÍA



OBSERVANDO AVES POLO LAGARES

senda ornitolóxica
desde o rural ao mar



O LAGARES EN CABRAL

Estamos no tramo superior do Lagares, próximos ao seu nacemento. Aquí o río é novo e alterna treitos calmos con rápidos e correntes, unha enerxía secularmente empregada para mover as rodas dos muíños que salpican o seu percorrido polas parroquias de Cabral e Lavadores. Pouco a pouco vai sumando afluentes e gañando tamaño, nun traxecto que o leva até a praia de Samil atravesando varios dos máis valiosos espazos naturais do concello. Polo camiño podemos descubrir



un mundo de riqueza e variedade de aves, mostra da biodiversidade que atesouran ríos como o Lagares. Neste punto atopamos especies moi ligadas ao medio rural, ás leiras, sebes e cultivos. Para estas aves e outros seres vivos, o río e a vexetación das súas ribeiras (amieiros, salgueiros, freixos...) actúa de corredor natural que facilita a conexión entre diferentes hábitats ao longo do val.

Verderolo *Carduelis chloris* Verderón común

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Peteiro forte e tons verdes combinados con marcas amarelas en ás e rabo.



Carriza *Troglodytes troglodytes* Chochín

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Inqueda e de potente canto, constrúe un característico niño en forma de bóla.



Xirín *Serinus serinus* Verdecillo

Cando? Todo o ano. Nidificante.
No inicio da primavera resulta característico o seu alegre canto en voo.



Pimpín *Fringilla coelebs* Pinzón vulgar

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Unha das aves máis comúns en bosques; os machos presentan un variado colorido.



Ferreiriño negro *Parus ater* Carbonero garrapinos

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Da familia do ferreiriño real, pero máis pequeno, tamén nidifica en buracos.



Rula común *Streptopelia turtur* Tórtola europea

Cando? De abril a setembro. Nidificante.
Pequena pomba de cor ferruxe no dorso e riscado colar branco e negro.



Pombo torcaz *Columba palumbus* Paloma torcaz

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Tamaño grande e rechamantes marcas brancas no pescozo e nas ás.



LEMBRE!

está vostede nunha senda natural, por favor, sexa respectuoso/a co medio e cos demais usuarios



Non tire lixo



Respecte a plantas e animais



Evite a contaminación acústica



Non leve animais soltos

ALCALDÍA



VIGO



OBSERVANDO AVES POLO LAGARES senda ornitolóxica desde o rural ao mar

O LAGARES E O RÍO EIFONSO

Cando recibe ao Eifonso o Lagares leva máis da metade do seu percorrido, e despois de atravesar as parroquias de Cabral e Lavadores entra no seu treito final, máis lento e sinuoso, que é o que segue tamén a senda ornitolóxica, até rematar na súa desembocadura. O Eifonso é o seu principal afluente, nace nos altos de Bembrive e achega ao Lagares gran parte do seu caudal. As ribeiras de ambos os dous ríos están acompañadas en moitos tramos por amieiros, salgueiros e avelairas, unha estreita franxa de bosque natural moi valiosa para a conservación da vida no río.


Como en gran parte da senda, neste punto atopamos unha mestura entre o rural, o urbano e o fluvial, que se reflicte nas aves que podemos observar con maior facilidade. En moitos casos buscan a proximidade das persoas e as nosas actividades, sexa para buscar alimento nos campos que cultivamos ou atopar sitio onde aniñar nas nosas construcións.



Pardal *Passer domesticus* Gorrión común

Cando? Todo o ano. Nidificante.

Machos con vistoso babeiro negro e mexelas brancas, femias pardas. Pocos paxaros hai tan achegados ao ser humano. De feito, a súa expansión coincide coa das nosas aldeas, vilas e cidades, onde é común e abundante. Non obstante, en moitos países as súas poboacións están en declive, nun medio rural e urbano en profundo cambio.



Lavandeira branca *Motacilla alba* Lavandera blanca

Cando? Todo o ano. Nidificante. Sempre no albar, o nome continúa venlle do seu asilante movemento ao camiñar.



Verderolo *Carduelis chloris* Verderón común

Cando? Todo o ano. Nidificante. Pateiro forte e tons verdes combinados con marcas amarelas en ás e rabo.



Papamoscas negro *Ficedula hypoleuca* Papamoscas cerrojillo

Cando? Se entre agosto e outubro. Non nidificante. Captura insectos en curtos voos desde un pousadoiro despechado.



Rabirrubio *Phoenicurus ochruros* Colirrojo tizón

Cando? Todo o ano. Nidificante. Moi ligado a construcións humanas, machos e femias teñen o rabo de cor ferruxenta.



Cirrio *Apus apus* Vencejo común

Cando? Desde abril a setembro. Nidificante.

Silveta de voo en forma de fouce, e cor case negra vistos de lonxe. Os ruidosos bandos de cirrios son unha das estampas típicas do verán. Estes incansables voadores só pousan cando nidifican, migrando despois a latitudes cálidas de África para pasar o inverno permanentemente no aire.



Papuxa das amoras *Sylvia atricapilla* Curruca capirotada

Cando? Todo o ano. Nidificante. Papuxa de tons grises e característica negra (a machos) ou castaña (as femias).



Pega *Pica pica* Urraca

Cando? Todo o ano. Nidificante. Inconfundible deseño branco e negro, con bonitos reflexos azuis e verdes en ás e cola.



Lavandeira real *Motacilla cinerea* Lavandera cascadeña

Cando? Todo o ano. Nidificante. Máis dependente dos ríos ca lavandeira branca, e de corpo amarelo.



COMO OBSERVAR AVES? Mirando paxaros

A simple vista, con prismáticos ou con telescopio, a observación de aves é un pasatempo que comparten millóns de persoas no mundo. Non fai falta viaxar lonxe para descubrir a súa beleza e variedade e as súas fascinantes formas de vida. De feito, a mellor maneira de achegarnos ao mundo das aves é comezar polo que temos máis próximo, e a senda ornitolóxica do río Lagares é un bo comezo. Ao longo desta ruta, e en sete puntos de información como este, achéganse datos das 37 especies máis comúns que se poden atopar no río e o seu contorno, unha mostra das aproximadamente 150 que están citadas nesta área. Tamén coñeceremos os seus hábitats, os outros valores naturais do Lagares e os problemas de conservación que afrontan estes ecosistemas, nun paseo que nos levará desde o rural até o mar.



Observando aves con prismáticos

ALCALDÍA VIGO



Non tira lixo



Respecta a plaxta e o entorno



Evita a contaminación animal



Non leve animais mortos



OBSERVANDO AVES POLO LAGARES senda ornitolóxica desde o rural ao mar

OS CAMPOS DE SÁRDOMA

Ás portas da cidade, a parroquia de Sárdoma conserva aínda un importante carácter rural. Boa parte do seu territorio correspóndese cunha chaira que ten a súa orixe nos sedimentos achegados polo río, e que constitúen uns solos moi adecuados para cultivo e pasto. Os medios agrícolas e gandeiros tradicionais, resultado dun uso secular do territorio, sosteñen en moitos casos ricas comunidades de flora e fauna que subsisten en equilibrio coa explotación dos recursos. Na actualidade, estas comunidades están en perigo, tanto polo abandono destas prácticas como polo cambio cara a unha agricultura e gandería máis intensiva e menos sustentable.

A paisaxe rural galega é un variado mosaico de cultivos, pastos, prados, sebes e fragmentos de bosques. Entre as aves deste quebracabezas natural destacan os que basean a súa dieta nas sementes, como rulas, pombas e pequenos paxaros como verdereiros, xiríns, escribentas etc.



Gabián
Accipiter nisus
Gavián común

Cando? Todo o ano.
Nidificante.
Pequena rapina diúrna, o macho é de menor tamaño cá femia.

O gabián é un áxil cazador especializado en pequenos paxariños. Busca a súa captura en claros de bosques e outros espazos con arboredo, onde as súas ás redondeadas e longo rabo lle permiten manobrar a gran velocidade.



Avelaioa
Strix aluco
Cárabo europeo

Cando? Todo o ano. Nidificante.
A máis común das rapinas nocturnas en Galicia, especialmente sárdoma nos noites de inverno.



Merlo
Turdus merula
Mirlo común

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Común e familiar en parques, xardíns e bosques, as femias presentan tons máis pardos.



Xirin
Serinus serinus
Verdecillo

Cando? Todo o ano. Nidificante.
No inicio da primavera resulta característico o seu alegre canto en voo.



Ferreiriño real
Parus major
Carbonero común

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Coras vividas (amarela, azul, negra) e un rechamante canto: "chi-chi-pian".



Ferreiriño negro
Parus ater
Carbonero garrapinos

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Da familia do ferreiriño real, pero máis pequeno, tamén nidifica en buracos.



Carriza dos xuncos
Cisticola juncidis
Buitrón

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Emite un característico "zip-zip" nun voo ondulado.



Rula común
Streptopelia turtur
Tórtola europea

Cando? De abril a setembro.
Nidificante.
Pequena pombiña de cor ferruxe no dorso e riscado collar branco e negro.

A rula (ou rola) é unha das protaxistas dos veráns dos nosos campos e leiras, e da súa poixaxe sonora. Cada primavera chegan desde o sur do Sahara para construír o seu teble nio en sebes e silveiras, no que poden chegar a criar dúas ou tres reladas.



Chasco
Saxicola torquata
Tarabilla común

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Inconfundible, sempre escucando o seu territorio desde algun pousadouro despegado.

UN RÍO DE VIDA Patrimonio etnográfico e histórico

Ao longo da historia os ríos teñen sido importantes focos de múltiples actividades humanas. Ademais de seren elementos singulares nas paisaxes e lugares de vadeo obrigado para calquera camiño, os ríos son subministración segura de auga para consumo e rega e de enerxía para moer o gran, importante reserva de peixe fresco e ao seu carón esténdense as terras e veigas máis fértiles. Durante o percorrido da senda ornitolóxica do Lagares temos oportunidade de contemplar a pegada de usos tradicionais coma estes, sexan muíños, levadas ou freixas, xunto a elementos de gran interese histórico coma as pontes medievais de Sárdoma e Balaídos ou as salinas da xunqueira do Lagares. En conxunto, un valioso patrimonio cultural que nos acompaña desde hai séculos e que debemos preservar para o futuro.



Muíño de auga

LEMBRE!

está vostede nunha senda natural, por favor, sexa respectuoso/a co medio e cos demais usuarios

ALCALDÍA VIGO



Non facer lixo



Respecte o planctivo ambiental



Evite a contaminación acústica



Non leve animais de compañía



OBSERVANDO AVES POLO LAGARES senda ornitolóxica desde o rural ao mar

OS RÁPIDOS DA RAPOSEIRA

No lugar da Raposeira o río salva un dos últimos desniveis importantes antes de comezar o seu lento tramo final polo val do Fragoso. Desta forma, na Raposeira atopamos unha das mellores mostras de rápidos de todo o percorrido do Lagares, onde o río loita contra o leito rochoso, osixenando as augas e acadando a súa maior velocidade e forza erosiva, determinando a aparición dunha comunidade de invertebrados propia destes ambientes. Na beira esquerda do río destacan varios exemplares relevantes de carballos de gran idade, restos de antigas carballeiras de importante valor de conservación.

As correntes rápidas dos ríos manteñen unha avifauna particular, especializada na captura de insectos e outros pequenos animais que viven nas rochas e fondos pedregosos. No caso do Lagares o seu principal representante é a lavandeira real, especie próxima á familiar lavandeira branca pero máis esquiua e tímida.



Lavandeira real
Motacilla cinerea
Lavandeira cascadeña

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Máis dependente dos ríos ca lavandeira branca, e de corpo amarelo.

Moltras aves cambian de hábitos ao longo do ano. A lavandeira real pode alonxarse da proximidade da auga durante inverno, cando a podemos chegar a observar entre os tellados do centro da cidade.

AS AVES MÁIS COMÚNS

Paporrubio
Erithacus rubecula
Petirrojo europeo

Cando? Toda o ano. Nidificante.
Inconfundible, de peito alaranxado e arroutado canto.

Peto real
Dendrocopos major
Pico picapinos

Cando? Todo o ano. Nidificante.
De cores vivas pero moi discreto, case sempre gabeando por un tronco.

Úbalo
Carduelis spinus
Lúgano

Cando? De novembro a marzo. Non nidificante.
Pequeno tamaño e plumaxe que mestura amarelo, verde e negro, máis contrastado nos machos.

Papuxa das amoras
Sylvia atricapilla
Curruca capirotada

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Papuxa das amoras grises e carapucha negra (os machos) ou castaña (as femias).

Papamascas negro
Ficedula hypoleuca
Papamascas cerrojillo

Cando? Só entre agosto e outubro. Non nidificante.
Captura insectos en curtos voos desde un posadoiro despexado.

O papamascas negro é un dos visitantes estacionais do Lagares e o seu contorno. De feito, só o veremos no outono, cando regresan a África despois de criar no centro e norte de Europa. Despois de atravesar o gollo de Biscaya, aquí acumulan reservas para cruzar o deserto do Sáhara.

Picafollas ibérico
Phylloscopus ibericus
Mosquitero ibérico

Cando? De marzo a setembro. Nidificante.
Pequeno e de cores verdosas, en primavera faise notar co seu repetitivo canto.

Gabeador
Certhia brachydactyla
Agateador común

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Moi discreto e sempre en bosques, rubriado por troncos e pólas en busca de alimento.

UN RÍO DE VIDA Outros habitantes do río

Ademais de aves, o Lagares acolle unha gran variedade de flora e fauna, unha riqueza natural da que en boa medida dependen os paxaros que observamos. Os peixes do río son un dos elementos máis dependentes das augas e da súa calidade, e tamén dos máis visibles. Ademais de truitas, no Lagares viven especies como as anguias ou, xa baixo a influencia mariña, os muxos. A recuperación da fauna piscícola do río tras o control dos vertidos de augas residuais foi espectacular nos últimos anos, e indica que a rexeneración do Lagares está no bo camiño. Paga a pena investir na saúde dos ecosistemas, o que equivale a coidar a nosa propia.



Truita no río Lagares

ALCALDÍA VIGO

LEMBRE!
está vostede nunha senda natural, por favor, sexa respectuoso/a co medio e cos demais usuarios.

- Non fire vivo
- Respeita a planta e o medio natural
- Evita a contaminación sonora
- Non leve animais de compañía



OBSERVANDO AVES POLO LAGARES senda ornitolóxica desde o rural ao mar

O PARQUE DE CASTRELOS

Neste tramo, o Lagares marca o límite entre a cidade e o parque de Castrelos, un dos máis extensos de Vigo (24 hectáreas) e un espazo idóneo para múltiples actividades de lecer. Entre os seus ambientes destacan importantes xardíns históricos, paseos entre frondoso arboredo exótico (plataneiros, cipreses, faias...), recunchos de carballeira autóctona e até un amplo estanque. O río percorre este treito paseniño, coas beiras despexadas e baixo a ollada de deportistas, paseantes e afeccionados ás aves e á natureza.

Son as aves forestais as máis características do parque. Xunto ás máis acostumadas á presenza humana atopamos frecuentemente outras propias de medios máis naturais, como diversas rapinas, que se achegan desde áreas rurais e bosques próximos. O estanque, linceiro coa avenida de Castrelos, é un interesante punto de atracción para gaivotas, lavancos e mesmo garzas.




Tordo común
Turdus philomelos
Zorzal común

Cando? Todo o ano. Nidificante.

Da familia dos merlos, é unha das catro especies de tordos que podemos observar en Galicia.

Mai tímido, a cotío o descubriremos polo seu afeitado canto ao solpar ou polos restos dos caracais que capturou no chan do bosque. Estas xunchas rotas aparecen en pequenas moedas a carón daígunha pedra que utiliza como engrá para partir as súas presas.

AS AVES MÁIS COMÚNS




Pomba torcaz
Columba palumbus
Paloma torcaz

Cando? Todo o ano. Nidificante. Tamaño grande e rechamantes marcas brancas no pescozo e nos ás.



Avelajona
Strix aluco
Cárabo europeo

Cando? Todo o ano. Nidificante. A máis común das rapinas-nocturnas en Galicia, especialmente sonora nos noites de inverno.



Merlo
Turdus merula
Mirlo común

Cando? Todo o ano. Nidificante. Común e familiar en parques, xardíns e bosques, os machos presentan tons máis pardos.



Pimpin
Fringilla coelebs
Pinzón vulgar

Cando? Todo o ano. Nidificante. Unha das aves máis comúns en bosques, os machos presentan un variado colorido.



Cata
Myopsitta monachus
Cotorra argentina

Cando? Todo o ano. Nidificante. A única cotorra naturalizada en Galicia, mantén pequenas colonias nas Rías Baixas. As cotas non son a única especie de ave exótica que podemos observar na senda ornitolóxica do Lagares. Estas poboacións, orixinadas por saltos ou escapes de cativeiros, poden chegar a ser unha grave ameaza para a conservación de fauna e flora autóctona e a saúde dos ecosistemas.



Gabeador
Certhia brachydactyla
Agaleador común

Cando? Todo o ano. Nidificante. Mai discreto e sempre en bosques, rubindo por troncos e pólas en busca de alimento.



Pega
Pica pica
Urraca

Cando? Todo o ano. Nidificante. Inconfundible deseño branco e negro, con bonitos reflexos azuis e verdes en ás e caba.


COMO OBSERVAR AVES? Que ave é esta?

Para gozar coa observación das aves moitas veces non precisamos máis que a capacidade de apreciar a súa beleza ou de sorprendernos co seu comportamento. Non obstante, en moitas ocasión xórdenos a necesidade de darlle un nome á ave que estamos a ver. Concretamente, queremos saber a que especie pertence ese paxaro, porque sabemos que a ciencia agrupa aos seres vivos en especies diferentes, entre elas as máis de 9.000 especies de aves que habitan no mundo. Identificar aves é precisamente pescudar que especie de ave temos diante, e tamén indagar a que sexo pertence ou que idade ten, tarefas ás que pretende contribuir esta senda ornitolóxica. Para dar un paso máis podemos contar coa imprescindible axuda de guías, libros e os numerosos recursos que ofrece internet.



Guía de identificación de aves

LEMBRE!
está vostede nunha senda natural, por favor, sexa respectuoso/a co medio e cos demais usuarios





OBSERVANDO AVES POLO LAGARES senda ornitolóxica desde o rural ao mar

O VAL DO FRAGOSO

Tras o seu paso por Castrelos, o Lagares ábrese ao val do Fragoso, extenso e de relevo case chan. En tempos, neste fértil val, en boa parte inundable durante as crecidas invernaís, o río describía numerosos meandros entre campos e leiras, practicamente até a súa desembocadura. Este trazado foi totalmente modificado durante o pasado século, incluíndo a súa canalización baixo o estadio de fútbol, e do seu percorrido orixinal só quedan escasos vestixios, como o antigo leito que sinala a ponte medieval de Balaídos.

Neste tramo, o río presenta unha corrente lenta, beiras amplas e numerosos bancos de areas e gravas, moi atractivos para as aves acuáticas, principalmente lavancos, galiñolas e algunha rara garza. No contorno, o ambiente urbano e industrial ofrece oportunidades ás especies máis tolerantes ante a presenza humana, tan familiares como o gorrión ou o cirrio.



AS AVES MÁIS COMÚNS

Gaivota patiamarela
Larus michahellis
Gaviota patiamarilla

Cando? Todo o ano. Nidificante.
A nosa gaivota máis común e urbana. As aves novas son pardas, os adultos brancos e grises.

As Rías Baixas acollen a maior poboación mundial desta gaivota, nidificando en illas e cantís pero tamén en vilas e cidades, como en Vigo. No val do Fragoso, as cubertas de naves industriais son lugares tranquilos escollidos por grandes bandos de gaivotas para repousar.



Lavanco
Anas platyrhynchos
Anade real

Cando? Todo o ano. Nidificante.
As femias, de camuflada plumaxe, son as únicas que crían aos parruliños.

Lavandeira branca
Motacilla alba
Lavandera blanca

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Sempre no chan, o nome común venlle do seu oscilante movemento ao camiñar.



Cirrio
Apus apus
Vencejo común

Cando? De abril a setembro. Nidificante.
Silueta de voa en forma de fouce, e cor case negra vistos de lonxe.



Paporrubio
Erithacus rubecula
Petrojo europeo

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Inconfundible, de peito alaranxado e afrautado canto.



Galiñola
Gallinula chloropus
Gallineta común

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Inconfundible, parece unha pequena galiña negra de peteiro vermello e patas verdes.

As galiñolas acompañanos durante case todo o percorrido da senda, sendo máis frecuentes alí onde o río se agranda, a corrente repousa e as beiras se inzan de vexetación onde agocharse se é preciso. Habitadas a ser respectadas por paseantes e usuarios perden a timidez ante as persoas.



Carriza
Troglodytes troglodytes
Chochín

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Inqueda e de potente canto, constrúe un característico niño en forma de bóla.



Pardal
Passer domesticus
Gorrión común

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Machos con vistoso babeiño negro e meixelas brancas, femias pardas.



UN RÍO DE VIDA Toda unha vida xuntos


É no val do Fragoso onde se fan máis evidentes os profundos cambios que, en apenas 50 anos, experimentaron o río Lagares, o seu contorno e Vigo. Logo da creación da Zona Franca, as ribeiras do río viron instalarse en 1959 a factoría de Citroën, primeiro fito do proceso de crecemento urbano e industrial que levou á cidade a duplicar o seu tamaño neste período e que durante anos condenou ao Lagares ao deterioro, a contaminación e o esquecemento. Afortunadamente, desde hai máis dunha década queremos cambiar as cousas, xestionando adecuadamente as augas residuais, recuperando a naturalidade das beiras do río e fomentando o seu uso polos cidadáns, achegándonos de novo ao caudal de vida que representa.



Vertido de augas depuradas

LEMBRE!

está vostede nunha senda natural, por favor, sexa respectuoso/a co medio e cos demais usuarios



Non tire lixo



Respecte as plantas e animais



Evite a contaminación acústica



Non leve animais soltos



OBSERVANDO AVES POLO LAGARES senda ornitolóxica desde o rural ao mar

AS ZONAS HÚMIDAS DE GOBERNA

Neste recuncho entre as parroquias de Navia, Comesaña e Coruxo atopamos varias mostras de bosques pantanosos, charcas e pequenas lagoas. Este conxunto de zonas húmidas, testemuñas dun pasado do río máis natural e esplendoroso, estaba orixinalmente moi ligado ao sinuoso curso do Lagares e ás súas enchentes, relación hoxe en día alterada pola súa canalización. Amieiros e salgueiros, espadanas e xuncos, forman a vexetación dominante en chans permanentemente enchoupados como estes, mentres unha variada fauna de anfíbios (ras, sapos, limpafontes...) visitan cada tempada as charcas para reproducirse.

En época de cría estas zonas húmidas son importantes para a nidificación de lavancos e galiñolas, e no inverno os amieiros énchense de úbalos ou tordos. A observación de aves nestes medios tan frondosos fundamentase na escoita dos seus cantos, chíos e reclamos, e doutros indicios da súa presenza.



Lavanco

Anas platyrhynchos
Anade real

Cando? Todo o ano. Nidificante. Femias pardas e machos rechamantes con pescazo e cabeza verdosos.

O pato máis común no país é tamén a única especie de parrula que podemos observar regularmente no río e o seu contorno. Poden ser moi confiados cando non se lles caza, como no Lagares, dándonos a oportunidade de descubrir a súa beleza e os seus costumes e forma de vida.



Galiñola

Gallinula chloropus
Gallineta común

Cando? Todo o ano. Nidificante. Incapaz de voar, posúe unha pequena galiña negra de peteiro vermello e patas verdes.



Peto real

Dendrocopos major
Pico picapinos

Cando? Todo o ano. Nidificante. De cores vivas pero moi discreto, case sempre gabeando por un tronco.



Amieiro

Alnus glutinosa
Aliso

Cando? Con follas só entre abril e outubro. Insuperables da beira de ríos e lagoas, forman bosques de gran valor natural.



Úbalo

Certhia spinus
Lúgano

Cando? De novembro a marzo. Non nidificante. Pequeno lamoño e plumaxe que mestura amarelo, verde e negro, máis contrastado nos machos.



Morcego de ferradura

Rhinolophus sp.
Murciélago de ferradura

Cando? Activo de abril a outubro. Todos os morcegos son especies protexidas, e uns eficaces "insecticidas" naturais.



Rela común

Hyla arborea
Ranita de San Antonio

Cando? Os cantos escóitanse sobre todo en primavera. De fermoso cor verde vivo, patas e dedos longos e esbellos.

Como a maioría dos anfíbios, a rela precisa medios acuáticos ben conservados para reproducirse, como as charcas de Goberna. Nas noites de primavera os coros de machos cantores ofrecen un espectáculo sonoro cada vez máis raro de escoitar.



Typha latifolia
Espadana

Cando? Follas verdes entre marzo e outubro. Presente en todo tipo de humidade de auga doce, as flores agrúpanse nunha espiga característica, en forma de pano.



Gaiteiro

Calopteryx sp.
Caballito del diablo

Cando? Primavera e verán. Case sempre próximas á auga, as libélulas son incansables voadoras que cazan outros insectos.



COMO OBSERVAR AVES? Rastros, indicios e sons

Os seres humanos compartimos coas aves un amplo desenvolvemento do sentido da vista, do que dependemos para moitas tarefas da nosa vida diaria e que usamos para gozar coa observación das formas, cores e actividade dos paxaros. Pero aínda que non os vexamos, podemos empregar os rastros que deixan no contorno (pegadas na lama, excrementos, restos de comida, plumas caídas...) como indicios da súa presenza no lugar. Ademais da visión das aves e os seus rastros, existe outra importante manifestación da súa presenza: os sons. Moitas especies de aves empregan o canto, e todo un variado repertorio de sons, para comunicárense mensaxes de moi diferente tipo. Aprender a recoñecelos proporcionánonos información moi útil sobre as aves: que especie canta así?, ese reclamo é dun polo ou dun adulto?, están alarmados os paxaros que estou a observar?.



Pluma de pego

LEMBRE!

está vostede nunha senda natural, por favor, sexa respectuoso/a co medio e cos demais usuarios.

ALCALDÍA VIGO



Non tire lixo



Respete as plantas e árbores



Evite a contaminación acústica



Non use animais pelos



OBSERVANDO AVES POLO LAGARES senda ornitolóxica desde o rural ao mar

A XUNQUEIRA DO LAGARES

Finalmente, o río chega á súa desembocadura na ría de Vigo, despois de 17 km de percorrido desde o alto de Peinador. Antes de unirse co mar, encóntrase coa marisma ou xunqueira do Lagares, un ecosistema moi especial no que se mesturan as augas das mareas, as do río e a terra firme, nunha especie de fronteira indefinida e chea de vida. As marismas son produtivos ecosistemas que serven de criadeiro para moitos animais mariños e acollen unha fauna e flora exclusiva. Ademais, son medios escasos e ameazados pola ocupación humana do litoral.

Na xunqueira do Lagares podemos observar unha variada mostra de aves acuáticas, especialmente diversa nas épocas de migración (outono e primavera). Na marisma está citada a presenza de máis de 60 especies diferentes deste grupo de aves, entre patos, garzas, limícolas, gaivotas etc.



Garza real
Ardea cinerea
Garza real
Cando? De agosto a maio. Non nidificante.
Gran tamaño, gris e branca, pescozo e patas moi longos.
Con até case 2 m de envergadura a garza real é unha das aves máis rechamantes da xunqueira e de toda a ribeira do Lagares. Ten unha dieta baseada en peixes, e non é difícil velo pacientemente a esperta dalgún muxe nas beiras do río ou na marisma.

AS AVES MÁIS COMÚNS



Becacina
Gallinago gallinago
Agachadiza común
Cando? De setembro a abril. Non nidificante.
Moi discreta, patas curtas e peiteiro longo. Foxe voando en zigzag e aspero reclamo.



Gaivota patiamarela
Larus michahellis
Gaivota patiamarilla
Cando? Todo o ano. Nidificante.
A máis gaivota máis común e urbana.
As aves novas son pardas, os adultos brancos e grises.

Gaivota chorona
Larus ridibundus
Gaivota reidora

Cando? De xullo a maio. Non nidificante.
Pequena e grácil, con carapucho negro en época de cría.



Picapeixe
Alcedo atthis
Martín pescador
Cando? De setembro a marzo. Non nidificante.
De cores rechamantes, voa rápido e directo sobre a superficie da auga.



Garzota
Egretta garzetta
Garceta común
Cando? De setembro a abril. Non nidificante.
Inconfundible, unha elegante garza toda branca.



Bilurico das rochas
Actitis hypoleucos
Andarriño chico

Cando? De xullo a abril. Non nidificante.
Inquieto e moi sonoro percorrendo as beiras lamacentas do río e a marisma.
As limícolas, como o bilurico das rochas ou a becacina, son un grupo de aves acuáticas especializadas en atopar o seu alimento en solos húmidos ou encharcados. Os seus longos e delicados peiteiros permítilles acceder aos invertebrados que viven na lama.



Carriza dos xuncos
Cisticola juncidis
Buitrón

Cando? Todo o ano. Nidificante.
Apenas 10 cm de lonxitude, emite un característico "zip-zip" nun voo ondulado.


UN RÍO DE VIDA

As aves migradoras son un dos mellores exemplos de que a natureza, e a súa conservación, non coñece fronteiras. Calculábase que cada outono, varios miles de millóns de aves móvense en Europa rumbo aos lugares onde van pasar o inverno, desprazamentos que se repiten en sentido contrario na primavera seguinte. Estas viaxes poden chegar até os máis de 20.000 km que percorre en cada traxecto o pequeno carrón arctico, ou abranguer os apenas 1.500 que nos separan dos húmidais centroeuropeos nos que nidifican moitas das gaivotas choronas que invernan na nosa costa. En calquera caso, as aves acuáticas migradoras dependen da boa conservación dunha ampla rede "estacións de servizo" onde descansar e repoñer forzas durante a viaxe, sexan lagoas, charcas, rías ou marismas como a do Lagares.



Carrán arctico (*Sterna parasiticae*)

LEMBRE!
está vostede nunha senda natural, por favor, sexa respectuoso/a co medio e cos demais usuarios.



Non fira fogo



Respecte a plantas e animais



Evite a contaminación acústica



Non use animais